

Subvencións para incrementar o uso do galego

A Xunta de Galicia acaba de publicar dúas resolucións para subvencionar actividades relacionadas co galego, co obxectivo de incrementar o seu uso nos ámbitos menos frecuentes.

A resolución do 26 de decembro, publicada no DOG do 04/01/2008 regula subvencións **dirixidas a entidades sen fin de lucro**. Entre os seus obxectivos recolle aquelas actividades que potencien a lingua no ámbito económico e sociolaboral (algunha delas podería ser a creación de material de oficina en galego: logotipos, papelería, tradución de documentos, publicacións ou publicidade en galego, etc.); ou aquelas outras actividades que fomenten o galego nas tecnoloxías da información e da comunicación (páxinas web, material audiovisual,...). O prazo de presentación das solicitudes **rematará 04/02/2008**.

Por outra banda, a resolución do 20 de novembro (DOG 27/12/2007) establece unha axuda para **as empresas que estean realizando publicacións periódicas** escritas integramente en galego, é dicir, calquera publicación que teña contido informativo e se publique con numeración correlativa, por exemplo un catálogo anual. O prazo de presentación das solicitudes **rematará o 27/01/2008**.